

CRITERIOS DE PUNTUACIÓN E CALIFICACIÓN PARA O TRABALLO DURANTE O PROCESO TELEMÁTICO.

Durante este proceso que abrangue o total do 3º trimestre valorase a entrega dun total de 5 tarefas na materia de “Habilidades de comunicación oral e escrita” no curso de 2º da ESO “A” e “B”. As tarefas están relacionadas coa creación dun telexornal propio. Inclúen o seu deseño e montaxe. Cada unha destas tarefas terá un valor de 0,20 sobre a nota media da 1ª e 2ª avaliación.

Para que ditas tarefas puntúen deben estar entregadas en prazo (salvo causas xustificadas), deben estar ben presentadas e deben estar resoltas con calidade. A súa simple entrega non será suficiente para que sumen o valor que se lle adxudicou.

A suma total das 5 tarefas corresponderíase con 1 punto a maiores sobre a nota media, como ben comentamos anteriormente. A aquelas alumnas e alumnos que teñan entregadas todas as tarefas en prazo, con boa presentación e unha boa calidade das mesmas sumaráselle un total de 1 punto, recoñecendo así o seu traballo continuo e interese pola materia.

De seguido citamos as 5 tarefas que se encomendaron para este curso:

1. Explicar as partes dun telexornal. Deseñar a estrutura xeral do noso telexornal: sumario, número de seccións, tipos, etc.
2. Selección de novas para cada unha das nosas seccións.
3. Deseño do sumario.
4. Montaxe e gravación do sumario.
5. Montaxe e gravación final do telexornal completo.